

As obras do novo centro de día avanza a bo ritmo

O complexo deportivo da zona norte do municipio estará listo antes de final de ano

Páxina 5



Concello de  Oleiros

O Concello amplía o servizo de limpeza viaria cun novo contrato por 280.000 euros Páxina 8

Vivir en Oleiros

Número 31
Outubro 2009
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Vista das obras da variante de Oleiros á altura da avenida Francisca Herrera



O Goberno local reclama que se mellore a Casa do Mar de Mera

Páxina 17

O Concello encarga unha auditoría enerxética para aforrar electricidade

Páxina 9

EN MARCHA AS OBRAS DA VARIANTE DE OLEIROS

■ A variante de Oleiros, que forma parte da vía Ártabra, comunicará Perillo con Sada sen necesidade de cruzar polo centro de Oleiros. Esta circunvalación comeza na avenida Francisca Herrera, á altura do colexio A Rabadeira, posteriormente cruza a avenida Miguel Hernández e a avenida Fontedouro, onde se instalarán dúas rotondas. Despois enlaza coa vía Ártabra na zona de Edreira, onde un ramal conducirá a Sada.

Revela 09, foto-denuncia nas rúas

Páxina 22

A oposición impide que o Concello defenda os veciños afectados polas descualificacións da Xunta

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

GOBERNAR É XESTIONAR

Gobernar é dirixir, coordinar, levar a cabo os compromisos adquiridos a través dun programa electoral, que se lles ofrece aos electores cando un grupo político, como é o noso caso, Alternativa dos Veciños, se presenta solicitando a confianza dos veciños.

O labor dun goberno é facer realidade as palabras e os proxectos. Uns, dependen directamente dos fondos do Concello, outros, deben ser financiados polas distintas administracións da comunidade autónoma, pero a maior parte deles, obedecen á capacidade de xestión, á ética, á vontade política

e tamén, á presión que o Goberno municipal faga para levalas a cabo.

Existen tamén, outro tipo de obras e proxectos municipais que son financiados por organismos que están obrigados, por lei, a repartir os fondos aos concellos, ao abeiro de normas que os regulan. Por tanto, os fondos son do Concello e o Goberno decide as obras que se deben realizar. Isto vén a conta porque, nos últimos tempos, os partidos da oposición en Oleiros: PP, PSOE e BNG, enchen páxinas de prensa...el PSOE hizo...el PP ordenó la construcción de...el BNG pidió en el pleno... BLA, BLA, BLA.

Estes grupos din que fan e desfán sen nunca ter gobernando Oleiros, podían darlle a fórmula a aqueles municipios nos que presentan mocións de censura, xa que así as evitarían e ao mesmo tempo, evitarían tamén o desprestixio que isto supón entre a cidadanía. Será que a fórmula non é tan máxica e por iso presentan as mocións?

Do que si son autores estes grupos da oposición, é da difamación constante ao goberno municipal e neste aspecto é especialista o PP, que non dá varrido a súa casa e por todo o estado podemos ver e oír roubos, comisións e peaxes

por adxudicacións de obras e servizos, corrupcións urbanísticas a grande escala e sexo de bordel pagado con VISA de ouro pública, traxes á medida... Iso si, todo aderezado cunha ampla coiraza protectora que xa estamos a parecer máis unha república bananeira, que un estado democrático, no que certos principios, nunca se deberían perder.

Mentres tanto, nós, desde o Goberno municipal, seguimos a traballar e a apuntalar os importantes logros conseguidos para o benestar de todos os oleirosenses.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



EL ALCALDE, SI TUVIESE UN MÍNIMO DE VERGÜENZA, DEBERÍA DIMITIR

El Tribunal Superior de Justicia de Galicia dictó el pasado mes de junio una sentencia que confirma que la vivienda construida por el alcalde, Ángel García Seoane en As Galeras invade la zona de protección de costas y le ordena derribar parte de la misma. El fallo del tribunal es firme y no admite recurso ordinario alguno.

El Partido Popular considera que la resolución judicial es suficientemente clara y tajante y entiende que, desde el punto de vista político, este es un hecho de la máxima gravedad y absolutamente intolerable. Es completamente inaceptable que el alcal-

de, máxima autoridad en el municipio y primer responsable de velar por la defensa de la legalidad, haya sido condenado en sentencia firme por un tribunal por vulnerar la ley para conseguir su propio beneficio personal.

El comportamiento de García Seoane es absolutamente indefendible desde ningún punto de vista, ni personal, ni ético ni político, y ahora se demuestra que tampoco lo es en el plano legal. Si tuviese el más mínimo sentido de la responsabilidad debería abandonar su cargo de forma inmediata. Y lo mismo cabe decir de su grupo, Alternativa dos Veciños.

Cuesta entender cómo son capaces de respaldar a alguien que no duda en incumplir la ley en su propio provecho.

El alcalde no tiene la menor credibilidad ni autoridad moral para defender la legalidad en el municipio e imponer sanciones a vecinos por incumplimientos de la normativa infinitamente menos graves que el suyo. Esta situación es especialmente grave en un Gobierno local que presume de rigor y que tiene atemorizados a numerosos ciudadanos con la amenaza de resoluciones más que discutibles. Nadie puede saltarse la ley, pero mucho menos quien

tiene la responsabilidad de velar por su cumplimiento.

Quien ocupa el puesto de alcalde no puede escudarse en errores técnicos, tiene que asumírselos él. Además, el tribunal zanja cualquier duda y dice claramente que "queda constatado que parte de la edificación del recurrente está situada dentro de la zona afectada por la servidumbre pública".

Esta es una prueba más de que Ángel García Seoane vulnera la ley y usa su cargo exclusivamente en beneficio personal, y eso, en un ayuntamiento democrático, no se puede tolerar.

Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG.- PSOE. Concello de Oleiros



¡VIVA A AXITACIÓN, EN BENEFICIO DO PATRÓN!

Mentres os socialistas traballamos día a día por mellorar Oleiros, Galicia e España; o PP se dedica a destruílo todo e a desmantelar os servizos públicos para quen máis os necesita. E Alternativa ó seu.

As únicas obras relevantes realizadas no noso concello, nesta lexislatura, son as impulsadas polos socialistas, quen ademais impulsamos a aprobación do PXOM, un Centro da Terceira Idade nas Galeras, o Centro de Saúde de Oleiros,

e 900.000 euros do Paseo Marítimo de Mera.

As obras do Plan E xa están o servizo dos veciños. O goberno de Zapatero financiou en Oleiros obras por valor superior ós 1.000 millóns de pesetas do Plan E, Zapatero financiou o 100% do custe de construción, mentres a Deputación de A Coruña, presidida polo socialista Salvador Fernández Moreda, financiou o 100% do custe da redacción dos proxectos.

As obras financiadas por gobernos socialistas, construídas en tempo récord, crearon emprego e melloraron a vida dos veciños de Oleiros; melloraron parques infantís, construíron unha nova piscina climatizada en Dorneda, unha nova pista polideportiva cuberta en Santa Cruz, a pista de skate de Bastiagueiro...

O PXOM foi o noso gran compromiso, os socialistas volcámonos para conseguir a súa aprobación, solucionar

os problemas da Pegada Sonora e dos ámbitos pendentes de aprobación. O plan está aprobado no 95%. O PP maniobra para buscar a súa anulación e Alternativa non envía á Xunta os documentos que lle foron requeridos. En fin, veciños, o PsdeG-PSOE vai seguir traballando para conseguir unha Cidade Deportiva en Bastiagueiro, unha nova Escola de Música en Santa Cruz e a aprobación da parte que falta do Plan Xeral,



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

PLAN XERAL: O CONTO DE NUNCA ACABAR

O BNG de Oleiros nun exercicio de responsabilidade política apoiou a primeira aprobación inicial do PXOM aínda sen compartir o documento plenamente. Logo das modificacións introducidas nesta lexislatura, reclamamos unha nova exposición pública

con período de alegacións para preservarmos o dereito da cidadanía a se defender e a se informar debidamente do documento máis importante que se aproba nun concello. A día de hoxe o goberno local é incapaz de aprobar definitivamente o documento debido

á permanente confrontación coas administracións e á súa nula capacidade de negociación. Por outra banda, o Partido Popular e Pablo Cobián, lonxe de traballaren a favor do concello de Oleiros, dedícanse a obstruír e entorpecer o PXOM, prexudicando o

conxunto da cidadanía e os intereses dun concello cunha excesiva dependencia do urbanismo. Oleiros non precisa de polémicas senón de solucións, nin de líderes que poñan por diante de Oleiros os seus intereses partidistas e particulares.

EDITORIAL

● SOMOS SINGULARES, SOMOS DISTINTOS

◆ Pasaron xa varios anos desde que centenaes de mulleres e homes oleirenses emprendemos o traballo e a loita para paralizar a destrución do noso contorno e frear a degradación medioambiental da nosa bela costa e lugares de especial encanto situados ao longo e ao ancho de todo o territorio.

Foi e é un traballo duro, cheo de incompreensión e desgustos, especialmente, por sectores que tiñan influencia nunha parte da poboación e que, ao abeiro dun progreso mal entendido, utilizárono no seu propio beneficio, provocando unha forte división entre as familias oleirenses con certa influencia social.

Estamos falando de especuladores, persoas sen escrúpulos amparados por unha administración obsoleta e agonizante. Persoas, para as que todo o monte era ourego e apostaran pola política de que calquera terreo era apto para edificar e levantar torres, temos, entre outros, o exemplo da torre de Santa Cruz, con 14 plantas e 50 vivendas nunha parcela de 800 m², carente de todos os servizos; ou a torre de Beiramar, con 14 plantas e 60 vivendas, nunha parcela similar aos edificios situados nos accesos á praia de Naval, Santa Cristina ou o edificio de Casablanca, en Mera, con 8 alturas.

Todo o municipio carecía de rede de auga potable, saneamento, iluminación pública, as rúas e os camiños eran pistas de terra e barro. Nesta etapa, carecíamos tamén de todo tipo de equipamentos sociais, deportivos, escolas (só existía o colexio A Rabadeira) non tiñamos nin prazas, nin parques.

A moral e a forza daqueles oleirenses que, en desigualdade de condicións, eramos atacados e desacreditados en infinidade de ocasións polos poderes políticos, mediáticos, económicos e fácticos institucionais, fixo posible que, hoxe, Oleiros sexa distinto e singular.

Distinto, porque as políticas que se aplicaron para o desenvolvemento sostible do municipio se basearon no contacto directo cos cidadáns e coas entidades veciñais, os cales achegaron o traballo persoal e o bo facer de centos de veciños a través de comisións que posibilitaron, entre outros temas, a construción de todas as redes de servizos básicos, como a auga ou a rede de sumidoiros a máis do 90 % dos núcleos de poboación.

A estes colectivos, tamén se lles debe a construción dos centros sociais, das casas do pobo e tamén a eles, xunto cos clubs sociais e deportivos, se lles deben as políticas sociais, culturais e deportivas que se desenvolveron nas múltiples instalacións municipais, así como o inestimable traballo dos centros educativos, sempre preocupados pola formación da mocidade, que xunto coas ANPA, en total harmonía coas concellarías da área, levaron e seguen levando

a cabo unha infinidade de actividades tanto para as nenas e os nenos, como para os adolescentes do noso municipio.

Singulares, porque aplicamos políticas urbanísticas, ambientais, fiscais e de cooperación que na inmensa maioría dos municipios españois non se executaban. Singulares, porque ordenamos o municipio planificando os espazos e os contornos, pensando nos cidadáns e non, no negocio das promotoras.

Proba diso e para iso, é que esiximos amplas dotacións e grandes espazos destinados ao lecer e ao entretemento, definimos as normas construtivas e impedimos a construción de guetos e grandes aglomeracións, primamos a calidade, en lugar da cantidade. Procede resaltar nestas políticas a localización das vivendas de protección pública, situadas nos mellores contornos das urbanizacións en distintos lugares do municipio.

Singulares, porque o arduo traballo, a dedicación e a firmeza contra aqueles que se opoñían ao desenvolvemento ordenado de Oleiros, permitiu a recuperación e o saneamento de gran parte da nosa costa, a través de plans de protección e de proxectos de ordenación, coa creación de amplos paseos e áreas verdes, con acceso libre á costa, para gozar das belas vistas do noso litoral marítimo, dos areas e das zonas de lecer.

Singulares, porque levamos a cabo unha política fiscal seria, sen ambigüidades. Cando asumimos a dirección e o goberno municipal, eran uns poucos os que pagaban impostos e unha inmensa maioría vivía nun paraíso fiscal, especialmente, os que máis tiñan e os especuladores. Foi necesario facer un grande esforzo para cambiar radicalmente esa contribución, regulando con ordenanzas os criterios impositivos para facelos de forma xusta e universal.

Esta política fiscal sabemos que pode parecer impopular, pero tamén é imprescindible e necesaria se queremos manter os servizos e os equipamentos nas mellores condicións para que os cidadáns gocen deles e para iso, debemos de ser todos e non uns poucos, os que contribuamos ao seu mantemento.

E singulares, finalmente, porque cooperamos para que o mundo sexa máis xusto, tanto en lugares onde hai problemas bélicos e en sociedades con poucos recursos, como desde o departamento de Benestar Social axudando a aquelas persoas que por diversos problemas precisan de nós.

Estas singularidades fan que nos sintamos orgullosos de vivir nun concello como Oleiros, que por estas e outras vantaxes, das que xa falaremos, sabemos que entre todos formamos un concello único e singular.



**Orgullosos de
vivir en OLEIROS**

Concello de  Oleiros

NOVA PISTA DE SKATE EN BASTIAGUEIRO ▶

◆ A mocidade de Oleiros xa goza da nova pista de skate de Bastiagueiro. Esta instalación deportiva está composta por módulos prefabricados que conforman diferentes elementos de xogo. A pista, que está situada na explanada de Bastiagueiro, detrás do novo aparcadoiro, vai permitir gozar tanto a patinadores, como a ciclistas dun espazo de xogo amplo e tranquilo, nun contorno relaxado que evitará molestar os veciños, xa que está localizado nun lugar illado. O investimento total nesta obra foi de 180.000 euros.



CONSTRÚENSE ACCESOS PARA DISCAPACITADOS NO CASTELO DE SANTA CRUZ ◀

◆ O Goberno local, contando coa axuda económica do Plan Proder, realizou diversas obras no paseo da illa do castelo de Santa Cruz entre as que se atopa a construción dun acceso para persoas discapacitadas. O Concello habilitou unha pasarela non permanente para permitir o acceso en cadeira de rodas a través da porta traseira do Castelo, posibilitando que o castelo conte cun itinerario accesible para discapacitados, dentro das limitacións impostas pola protección do Patrimonio. Tamén se mellorou a iluminación, tanto do paseo perimetral como do paseo marítimo de Santa Cruz, renovouse o pavimento da Praza do Castelo e instalouse novo mobiliario urbano, incluíndo quitamedos e varandas.

REORDENANDO O TRÁFICO NA URBANIZACIÓN FONTEDOIRO

◆ O Concello levou a cabo melloras nas rúas da urbanización Fontedouro en Oleiros, situada nas inmediacións do Instituto Miraflores, fronte á avenida Miguel Hernández. Os cambios na ordenación do tráfico afectan á rúa Sorolla, que pasará a ser de entrada, mentres que a rúa Urbano Lugo será de saída, ao revés de como están actualmente. Este cambio ten como obxectivo mellorar a seguridade viaria na incorporación á avenida. As obras inclúen a modificación da sinalización horizontal e vertical. Ademais, o Concello mellorou o mobiliario público desta zona xa que se encontraba deteriorado.

O GOBERNO LOCAL SOLICITA A COLABORACIÓN DA XUNTA PARA IMPLANTAR UN PARQUE BIOSAUDABLE EN MERA ▶

◆ O Concello solicitou a colaboración económica da Xunta de Galicia no capítulo de equipamento para instalar un parque biosaudable para maiores na praza da Baía, en Mera. Este parque conta con oito máquinas adaptadas ao colectivo de maiores para a práctica da ximnasia. Será o terceiro do municipio despois do existente en Perillo, ao lado da pista cuberta e do que se está instalando no parque Luís Seoane de Santa Cruz. O custo destes aparellos é de 10.000 euros que o Concello pide á Xunta de Galicia.



MELLORADO O CONTORNO DO EDIFICIO DE FACENDA MUNICIPAL ◀

O Concello de Oleiros levou a cabo unha obra para mellorar as zonas axardinadas que se atopan nas inmediacións do edificio municipal de Facenda, nas illas do contorno da rotonda de Santa Cristina. Durante os traballos, que contaron cun orzamento próximo aos 10.000 euros, instalouse céspede artificial nas illas e mellorouse a rega para as plantas ornamentais. Ademais, durante a obra instaláronse pasos peonís.

NOVO PAVIMENTO NO PASEO DA RÍA ▶

◆ A Demarcación de Costas renovou por completo o pavimento de madeira do tramo do paseo marítimo da Ría situado entre o parque José Martí e o edificio A Fábrica. Este tramo, que ten unha antigüidade de máis de 15 anos, atopábase moi deteriorado pese aos continuos traballos de reparación que realizaron os Servizos Municipais.



A PISCINA DA ZONA NORTE, REMATADA PARA FINAL DE ANO

◆ As obras do complexo deportivo que se está a construír en Arillo atópanse moi avanzadas, o edificio xa está levantado e estanse realizando as divisións e instalacións. Esta piscina, que ten un custo de 2,7 millóns de euros, ten as mesmas características que a recentemente construída en Oleiros, pero maior tamaño. As obras execútanse segundo o ritmo previsto, polo que se estima que estará rematada antes de acabar o ano. O complexo deportivo disporá dunhas completas instalacións que inclúen unha piscina con dous vasos. Ademais as instalacións que se están a construír en Arillo dispoñen de catro ximnasios e unha sala de cardio.



OS APARCADOIROS DE BASTIAGUEIRO E DA PISCINA DE PERILLO XA ESTÁN EN FUNCIONAMENTO



◆ O novo aparcadoiro público situado fronte á praia de Bastiagueiro xa funciona desde o pasado mes de agosto. Esta instalación conta con 254 prazas de aparcamento, das cales 4 son para discapacitados con dúas ramplas de acceso á beirarrúa e o aparcadoiro tamén ten un lugar reservado para motos.

Mentres, o aparcadoiro da piscina de Perillo, tamén rematado, conta con 107 prazas, cinco delas para discapacitados con beirarrúa en lastro de acceso á piscina e situadas moi preto dos accesos a esta. Ademais conta con zona de estacionamento para ambulancia para casos de urxencia, parada de autobús e aparcadoiro de motos.

A CASA DO POBO DE DORNEDA E O PARQUE INFANTIL, RENOVADOS

◆ Remataron as obras no parque infantil da Casa do Pobo de Dorneda. Estas obras solicitadas pola Sociedade de Dorneda para o mellor desenvolvemento das súas actividades sociais, culturais e de ocio, están enmarcados dentro dun proxecto cun importe total de 77.829 euros e que contempla outras actuacións entre as que destacan a mellora da accesibilidade para persoas discapacitadas á pista deportiva, a construción dunha grella e dun espazo reservado no exterior e o pintado do soportal da casa e a reparación dos muros de pedra.



OLEIROS ADAPTA OS ACCESOS DOS AREAIS PARA AS PERSOAS DISCAPACITADAS

◆ O Concello de Oleiros mellorou a accesibilidade ás praias na cala do Portelo, en Canide e na praia de Espiñeiro, en Mera. Na cala do Portelo en Canide, foi grazas á colaboración dunha propietaria que cedeu o solo preciso e unha escaleira ata o de agora privada, o Concello puxo a disposición da Demarcación de Costas estes bens para que se habilitase un novo acceso peonil á citada cala desde a rúa do Caramuxo na península de Canide en Maianca, rúa ata ese momento sen saída.

MÁIS PARQUES INFANTÍS RENOVADOS



■ O Graxal

◆ O Concello, dentro do programa de acondicionamento dos parques infantís municipais, rematou os traballos de mellora en varias instalacións deste tipo. Acondicionáronse os parques infantís situados na praza de Galicia, no colexio Valle Inclán, e nas urbanizacións de Arenaza e O Graxal. As obras consistiron na restauración da zona de xogos existente e na dotación dun pavimento de caucho necesario a diversas cores.



■ Arenaza



■ Valle Inclán

O PROGRAMA DE ASFALTADOS CONTINÚA EN MARCHA ▼

■ O Concello de Oleiros está a pavimentar 20 rúas ou estradas do termo municipal por un importe total de 473.803,97 euros. Este proxecto vén a sumarse ao que xa está en execución e do que xa se pavimentaron a rúa da Veiga, a rúa da Xustiza, a rúa do Foro, a rúa Malvela, a rúa Pedregal e a rúa Revolta. O Concello está a realizar un importante esforzo investidor para mellorar o estado das rúas e estradas, sempre coordinando que as instalacións de servizos canalizados se realicen previamente para evitar a rotura posterior dos pavimentos. As vías que se están a mellorar:



■ Rúa Xustiza

RÚAS QUE SE ESTÁN A MELLORAR

- | | |
|--|---|
| ● Fonte de Álvaro | ● A Fieiteira |
| ● O Sucado (aquí canalizaranse as augas pluviais que proveñen do polígono da segunda fase do Obelisco) | ● Celso Emilio Ferreiro |
| ● O Castelo | ● A Gándara |
| ● Condús | ● Espiñeiro (tramo final onde se canalizarán as augas pluviais) |
| ● A Cruz | ● O Real |
| ● O Pedregal | ● República Arxentina |
| ● Francisco Añón Paz | ● A Chave |
| ● León Felipe | ● A Portela |
| ● Castromén (tramo urbano) | ● A Ribeira |
| ● A Marola | ● Tierno Galván (zona O Regacho) |
| | ● O Enxido |



■ Rúa do Foro



■ Rúa Malvela

ADEMAIS... ▼

◆ O Goberno local pavimentará diversos camiños municipais. O proxecto recolle a mellora do camiño de Santo Domingo, no tramo entre a rúa Pardo de Andrade e a rúa do Gavián en Arillo (Dorneda), o camiño de Federico Maciñeira e o camiño dos Lirios en Nós, o camiño do Corralón en Oleiros, o camiño Viravolta no Carballo, onde antes se debe facer unha pequena obra de peche do circuíto de auga potable, o camiño que une a urbanización de Meson da Auga coa Rúa Manuel Murguía en O Carballo, o camiño de Molina en Iñás, o camiño do Esqueiro, no tramo situado entre a rúa Río do Couto e a rúa O Curruncho, en Dorneda, e o tramo final da rúa Os Tarreos tamén en Dorneda. O importe total da obra é de 167.498,92 euros e os traballos enmárcanse dentro do Plan provincial de axuda contra a crise da Deputación da Coruña.



■ Rúa Revolta



■ Rúa Pedregal

O CONCELLO RENOVOU A RÚA DO FORO ▼

◆ A rúa do Foro, en Oleiros, tamén foi pavimentada con aglomerado asfáltico. Esta rúa que se atopaba en mal estado debido a varias obras de construción de chalés realizados nela, comunica a avenida de Venezuela coa rúa do Río e a súa reparación foi reiteradamente reclamada polas persoas residentes na zona.

REMATAN AS OBRAS DE MELLORA NAS RÚAS VEIGA E XUSTIZA ▶


◆ As rúas Veiga e Xustiza, ambas en Nós, foron melloradas. A rúa da Xustiza comunica o núcleo de Vilar co de Coroto e ademais da calzada pavimentouse tamén a beiravía peonil que discorre a carón da urbanización Xardín de Nós. A rúa da Veiga está situada no Seixal e foi pavimentada na súa totalidade e dispuxéronse dúas bandas elevadas para reducir a velocidade dos vehículos.



■ Rúa da Veiga



O CONCELLO INSTALARÁ 9 NOVAS MARQUESIÑAS NAS PARADAS DO TRANSPORTE PÚBLICO ▼



◆ O Concello instalou 9 marquesiñas en varias paradas de transporte público. Esta mellora forma parte da política de impulso que o Goberno local está levando adiante no transporte público municipal. As novas paradas de bus teñen o mesmo deseño que as que xa están instaladas noutros puntos do concello e o seu custo total foi de 50.000 euros. A instalación responde ás peticións das entidades cidadás e de veciños e veciñas do municipio, e a súa situación aos criterios de

necesidade por volume de persoas usuarias. Ademais estas marquesiñas tamén serán utilizadas polos nenos e nenas que usen o transporte escolar. As paradas que contarán cunha nova marquesiña son as que están situadas nas zonas Gasolineira e A Chasqueira, en Nós, na zona do supermercado Mercadona, en Edreira, na Agra de Aba, na urbanización As Galeras, na avda. Che Guevara, fronte ao instituto María Casares, no Mesón da Auga, no Polígono de Iñás e en Xoez.

DOUS NOVOS PANEIS INFORMATIVOS ESTÁN Á TÚA DISPOSICIÓN ►

◆ Oleiros conta con dúas novas pantallas luminosas informativas no Vilar e en Dexo. Estas pantallas son un medio de información próximo e eficaz que está a ter moi bo resultado á hora de transmitir información de servizos. Estes paneis, que conteñen unha importante información de interese xeral para os veciños, dispoñen dun funcionamento eficaz e cómodo, ao ser xestionados mediante unha moderna conexión. As dúas novas pantallas teñen un custo de 38.000 euros. Con estes dous novos paneis Oleiros dispón de doce pantallas informativas repartidas nos lugares de Dexo, Lorbé, Mera, Arillo, Oleiros, Iñás, Nós, Sta. Cristina, Sta. Cruz, Bastiagueiro, Montrove e Perillo (N-VI).



O CONCELLO AMPLÍA O SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA CUN NOVO CONTRATO POR VALOR DE 280.000 EUROS ▼

◆ O Goberno local continúa a mellorar os servizos de limpeza e acondicionamento do municipio. Á recente contratación do mantemento de 120.000 metros de novos parques e zonas verdes, que xa se encontra en funcionamento, súmase a ampliación do servizo de limpeza das vías do municipio, que se une ao actual servizo que conta cun orzamento de 400.000 euros anuais. O novo contrato, que actualmente está en proceso de contratación, supón un investimento de 280.000 euros ao ano. Este investimento estende o servizo de limpeza á inmensa maioría das vías do municipio e incluírá máis de 10 programas específicos, que se desenvolverán de xeito paralelo á limpeza xeral. Trátase do plan específico de caída da folla, os plans de verán, Nadal e Entroido; o plan de limpeza de pintadas en fachadas e mobiliario público, o plan de retirada de

pancartas, o de ocio nocturno e o de urxencia. Ademais destes programas específicos de reforzo inclúense o de limpeza do contorno de actos especiais, como concertos, actos deportivos, festas ou mercados, o plan de escavas e o de baleirado de sumidoiros de augas pluviais.

As técnicas de limpeza utilizadas incluírán o varrido manual e o varrido mecánico, realizado a través de máquinas especiais de pequeno tamaño para as beirarrúas e de grandes dimensións para as calzadas e o varrido mixto, que inclúe as dúas modalidades. Ademais, tamén se procederá á limpeza en brigada. Estas brigadas teñen como misión a limpeza global de grandes espazos nun curto período de tempo. Estes varridos se reforzarán cun sistema de baldeo con auga que, se realizará cun camión que expulsa auga a presión.

ZONAS NAS QUE SE AMPLÍA O SERVIZO E FRECUENCIAS DE LIMPEZA



Frecuencia alterna: luns, xoves e sábados

- Avda. das Mariñas (entre A Pasaxe e rúa do Seixo / rúa do Sendeiro).
- Rúa Areal, Tras do Río, das Ondas, Revolta, Garridas, Praza dos Areeiros e Urbanización Rialeda.
- Paseo marítimo de Beiramar /Agramar / Pasaxe / A Fábrica.
- Rúas Beiramar, Álamos, Sauces, Paraíso, Prados e Seixo (tramo).
- Rúas Fonte Leocadia, Galileo Galilei, Miradoiro, dos Destellos, Cubelos, da Piscina e Tras das Eiras. Parque do SUNP 1-R e contorno da Piscina Municipal de Perillo.

Frecuencia: 1 día á semana

- Rúas II República, Canaveira, Mina, Cántaro, dos Navas, Sella, Cauce e Lucín.
- Rúas Avogadas, Roberto Vidal Bolaño, Francisco Taxes, Anduriñas e avda. Valle Inclán (entre rúa Avogadas e Lagarteiras).
- Urbanización Vacarizas – Montrove: rúas Orballo, Saraiba, Brétema, Raiola, Choiva, Néboa, Xiada, Arco da Vella e Mazarico (entre Saraiba e Arco da Vella).
- Urbanización Lamastelle: rúas Courel, Ancares, Xistral e Manzaneda.
- Rúa Carreira Cova.
- Urbanización Bastiagueiro: rúas dos Niños, das Pombas e Romeu (tramo).
- Rúas Casares Quiroga (entre rúa dos Meniños e Avda. Isaac Díaz Pardo), Ricardo Carballo Calero, Manuel Antonio, Marcial del Adalid, Muíño do Vento e Catasol (tramo).
- Cemiterio de Liáns.
- Rúas Helios, Minerva, Andrómeda, Galatea, Pegaso, Zeus, Juno, Diana, Apolo, Mercurio, Perseo (tramo), Hermes (tramo), Praza de Atenea, Vulcano e Ícaro (tramo).
- Rúa Salvador de Madariaga (entre avda. das Mariñas e rúa Pascual Veiga).
- Avda. das Mariñas (entre avda. Salvador Allende e a rotonda baixo o paso elevado: ambas marxes).
- Urbanización O Vieiro II: rúas Pascual Veiga, Gaita e Francisco Giner de los Ríos (entre rúa da Gaita e avda. das Mariñas).
- Urbanización O Valiño: rúas Canteiros, Ferreiros, Telleiros, Cesteiros, Oleiros, Muíñeiros, Forneiros, Menciñeiros, Xornaleiros e Abeleira (entre rúa Xornaleiros e rúa Canteiros).
- Urbanización Punxeiro: rúas Trovadores, Mendinho, Martín Códax, Pero Meogo, Xohan Airas e Xabrón.



Frecuencia: 2 días á semana

- Urbanización Mesón da Auga: rúas Anido, Menta e Ourego.
- Praza do Muíño, rúas Gaivoteira, Arandeira e do Souto.
- Polígono Industrial de Iñás: rúas Morrazo, Barbanza (entre avda. das Mariñas e rúa Morrazo), Salnés (tramo) e Fontedouro (entre rúa Morrazo e avda. das Mariñas).
- Urbanización A Xesta: rúas Xesta (tramo), Toxeiras, das Silvas e Breixo.

- Rúas da Pezoca e do Río (entre avda. de Venezuela e rúa Sucado).
- Urbanización Canide II: rúas Gaza (tramo), Palestina (entre avda. Morro de Canide e Praza de Belén), Hebrón e Praza de Belén.
- Urbanización A Granxa: rúas da Granxa, do Caínzo e da Grade.
- Rúa das Gobernas. Rúa do Pinar.
- Contorno da Casa do Pobo de Lorbé e da rúa da Escola.
- Praza da Baía e aparcadoiro e pista deportiva da rúa Lamalonga.
- Urb. Lagoa de Mera.

O GOBERNO LOCAL CONTRATARÁ UNHA AUDITORÍA ENERXÉTICA ▼



◆ O Concello de Oleiros contratará unha auditoría enerxética na que se recolla o estado actual das instalacións municipais, edificios públicos, bombeos, así como a iluminación viaria. O obxectivo deste estudo é ter información para poder regularizar o consumo enerxético que está a agravar as arcas municipais. Ademais, esta auditoría permitirá estudar como tratar as reformas pertinentes que deben de acometerse na rede de subministración eléctrica. Este aforro enerxético prevé realizarse coa instalación de luminarias de baixo consumo e cos contratos coas empresas de subministración eléctrica que sexan máis axeitados en función da potencia necesaria de cada instalación municipal.

Con esta auditoría o Concello prevé unha redución de entre o 25% e o 30% do actual gasto económico neste tipo de enerxía, que actualmente supón un investimento mensual de 100.000 euros. Unha vez realizada esta auditoría, o Concello acollerase aos fondos da Unión Europea e do Estado para levar a cabo as reformas que sexan necesarias. Con esta medida o Goberno local non só pretende un aforro económico, senón que quere contribuír a lograr un modelo de desenvolvemento sostible que desde hai anos se instaura no Concello.

OS SEMÁFOROS DE OLEIROS XA CONSOMEN UN 75% MENOS DE ENERXÍA ►

◆ O Concello de Oleiros, como medida de aforro enerxético, substituíu as tradicionais lámpadas dos semáforos da súa competencia por unhas novas de tecnoloxía LED. Con esta substitución, que se levou a cabo a finais do pasado ano, o aforro enerxético aproxímase ao 75% sobre o consumo anterior dos semáforos. Estas novas luminarias caracterízanse por un menor consumo eléctrico e unha maior duración co que se reduce a factura eléctrica e os custos de mantemento. Ademais, o seu deseño técnico, con múltiples puntos de luz, minimiza a posibilidade de fundido absoluto da lámpada, xa que esta segue prestando servizo parcialmente, o que contribúe á seguridade viaria.



A OBRA DO CENTRO DE DÍA DAS GALERAS, ◀ A BO RITMO

◆ As obras do centro de día das Galeras continúan a bo ritmo. A previsión é que este novo centro asistencial entre en funcionamento ao longo do primeiro trimestre do próximo ano. Este novo centro de día, construído nun enclave privilexiado na zona de Bastiagueiro, contará con 80 prazas e cun cadro de persoal composto por 15 profesionais. Os centros de día para maiores son espazos de atención xerontolóxica integral, nos que se presta atencións ás persoas maiores e ás súas familias ou cuidadores. Ademais do centro que se constrúe nas Galeras, o Concello de Oleiros dispón nestes momentos doutro centro de día que leva anos en funcionamento e que está situado no pazo de Arenaza.

A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h ● Sábados: de 09:00 h a 14:00 h

CONTINÚASE A RENOVAR A REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DO MUNICIPIO ▼


■ O Goberno local leva a cabo diversas obras de renovación de infraestruturas de auga e saneamento. Estas obras realízanse coordinadamente con traballos de pavimentación co obxectivo de que as vías afectadas queden totalmente renovadas tanto nas tubaxes enterradas como nos pavimentos. Estes investimentos supoñen unha mellora tanto do servizo de abastecemento como de saneamento do municipio.

As obras:

■ **Renovación da tubaxe xeral de auga da rúa Pedregal no Carballo - Nós.** Ten un importe próximo aos 38.000 euros e consiste en instalar unha tubaxe nova de distribución de auga nesta rúa, dado que a existente está obsoleta e inmediatamente despois procederáse á pavimentación completa da rúa con aglomerado asfáltico en quente.

■ **Renovación da rede de sumidoiros e das tubaxes na rúa A Revolta, en Perillo.** Cun importe de 41.130 euros vánse renovar as tubaxes de auga e saneamento nesta rúa da zona do Areal en Perillo, e logo pavimentarase completamente con aglomerado asfáltico en quente.

■ **Renovación das tubaxes de auga da zona vella de Perillo.** Cun importe de 57.000 euros renóvanse as tubaxes de auga da zona da Canteira en Perillo, obra que coincide coa que se executa a conta do FEIL de renovación de pavimentos en todo o núcleo de Perillo e no contorno da igrexa parroquial.



■ Depuradora Oleiros



■ Bombeo residuais Santa Cruz

ADEMAIS... ▼

◆ A pesar das deficiencias na rede comarcal de abastecemento de auga, un investimento do Concello próximo aos 600.000 realizado ao longo dos últimos meses garante a subministración. As obras realizadas foron as seguintes:

■ **Mellora do bombeo de auga das Pedras.** Permite a entrada de máis auga desde a Ponte da Pasaxe que se bombea a Edreira para distribuíla polo Concello.

■ **Mellora do bombeo de auga de Dorneda.** Permite a entrada de máis auga desde a Ponte da Pasaxe que se bombea á zona norte do termo municipal.

■ **Nova tubaxe de abastecemento entre o depósito de Montrove e Galeras.** Permitted rematar cos problemas de perda de presión en época estival en Galeras, Coruxo e Romardeiro, aproveitando máis o depósito de Montrove.

■ **Eliminación da obstrución no diámetro da tubaxe xeral que nos abastece desde a Ponte do Burgo.** Permite a entrada de máis auga da que chega a través da Costa da Tapia ao ampliarse o diámetro da tubaxe.

■ **Reutilización do depósito de 250 m³ e o bombeo de Rialta.** Permite garantir a presión de subministración na época estival á zona alta de Rialta, Os Galgos e Broño e permite acumular máis auga co novo depósito.

■ **Nova conexión entre os dous depósitos de auga de Edreira.** Permite acumular máis auga nestes dous depósitos municipais principais da rede.

AO PP NON LLE SAEN AS CONTAS

■ Tanto a denuncia efectuada polo portavoz municipal do PP fronte ao Tribunal de Contas como o recurso polas beirarrúas de Celso Emilio Ferreiro foron desestimadas pola Xustiza

■ Unha vez máis queda ao descuberto a política de difamación que os populares levan a cabo contra o Goberno local

O TRIBUNAL DE CONTAS

◆ O Tribunal de Contas do Estado declarou a inexistencia de irregularidades na xestión municipal na liquidación dos orzamentos de 2007, que fora denunciada polo portavoz municipal do PP ante este tribunal. Esta é a terceira e definitiva negativa que recibe a demanda do PP despois de que o Ministerio Fiscal determinase archivar o caso.

Pablo Cobián denunciou irregularidades na liquidación dos orzamentos de 2007, que rexistraban un superávit de 4.594.533 euros e nos que o portavoz do PP entendía que existía un déficit de 2.118.679 euros. Respecto a esta denuncia, o Ministerio Fiscal sinalou que:

0 0610416

...decir que no existe por parte del actor público concreción respecto de alguna cuenta o acto de administración, custodia o manejo de caudales públicos realizado por el Ayuntamiento de Oleiros que revista caracteres de alcance. Por otra parte, tal y como se desprende de la documentación que se remitió en fase de actuaciones previas y que forma parte del expediente, el referido Ayuntamiento no ha realizado ningún hecho que sea constitutivo de infracción contable, por cuanto la ejecución y posterior liquidación del presupuesto correspondiente al ejercicio 2007 no ha incumplido ninguno de los preceptos regulados en la normativa presupuestaria y contable aplicable a las entidades locales.

...En el caso que nos ocupa, resulta evidente que por las razones anteriormente expuestas, los hechos denunciados no generan responsabilidad contable, ya que no se han producido daños "efectivos, evaluables económicamente e individualizados en relación con determinados caudales o efectos", condición que establece el artículo 59.1 , párrafo segundo, de la Ley de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas para que puedan ser determinantes de responsabilidad contable ya que, como perfila la Sentencia de la Sala de Justicia del Tribunal de Cuentas de 18 de julio de 2005, recogiendo la doctrina de otras anteriores, se excluyen como daños susceptibles de generar responsabilidad contable "los meramente posibles o contingentes".

...Por todo ello, no cabe sino rechazar la pretensión del ejercitante de la Acción Pública, por no darse los supuestos de aplicación de las medidas establecidas en el artículo 42 de la Ley Orgánica del Tribunal de Cuentas.

0 0610417

...Examinar la Acción Pública deducida por la representación procesal de Don Pablo Cobián Fernández de la Fuente de acuerdo con lo establecido en el artículo 38.3 de la Ley 7/88, de 3 de abril, de Funcionamiento del Tribunal de Cuentas y, en consecuencia, no haber lugar a la incoación del procedimiento de reintegro por alcance nº 8-78/08, sin costas.

■ Sobre estas liñas, o texto da resolución do Tribunal de Contas que chegou ao Concello o pasado 11 de setembro onde se indica que as denuncias do PP carecen de fundamento.

AS CONTRIBUCIÓNES ESPECIAIS, MÁIS DO MESMO

◆ Ademais, a Audiencia Provincial tamén desestimou o recurso interposto polo portavoz municipal do PP, Pablo Cobián e un concelleiro deste partido, Andrés González, xunto con tres veciños máis, á sentenza do Xulgado de Instrución nº 4 da Coruña, que tramitaba as dilixencias previas por denuncias presentadas por este grupo contra as contribucións especiais que, inicialmente, o Concello tramitara para levar a cabo a construción das beirarrúas da avenida Celso Emilio Ferreiro, en Mera. Nesta denuncia, as persoas demandantes acusaban de prevaricación ao Goberno municipal. Tras decretarse o arquivo, estes recorrérono novamente. Insistían na prevaricación administrativa e acusaban os membros do Goberno local de «actos de abuso e desviación de poder». Finalmente, a Audiencia Provincial declarou no seu auto do pasado 22 de maio de 2009 que «a xestión municipal en ningún momento gozou de forza executiva e vinculante, polo que queda á marxe de calquera exame respecto da súa procedencia ao parecer xusta ou arbitraria». Ademais o texto sinala que «foi a propia corporación municipal a que adoptou a revogación, polo que se acorda desestimar o recurso interposto polos querelantes e confirmar o auto apelado cun contido formal e materialmente modélico».

A OPOSICIÓN IMPIDE DEFENDER OS VECIÑOS POLAS DESCUALIFICACIÓN DO PXOM

O grupo municipal de Alternativa dos Veciños, unha vez vetada a intención do Goberno de defender os veciños, presentará un contencioso pola totalidade dos núcleos afectados.

O pleno denegou a proposta do Goberno local de defender ante os tribunais os intereses dos veciños afectados pola decisión da Xunta de deixar ao marxe do planeamento 13 lugares do municipio, a maioría clasificados como urbanos nos anteriores plans xerais do municipio e cuxa descualificación afecta a 224 familias. A negativa dos tres grupos políticos da oposición, PP, PSOE e BNG impediu ao Concello presentar un contencioso-administrativo para reivindicar os dereitos conculcados a través desta arbitraria decisión da Xunta. Ante a situación de desamparo creada, o Goberno local realizou asembleas informativas cos veciños afectados polas descualificacións. Nestas reunións sectoriais informouse das medidas que os propietarios

deben tomar en defensa dos seus intereses. O Goberno local asesorou sobre cal sería a mellor maneira de recorrer aos tribunais na defensa dos seus intereses e de cando facelo. Así mesmo, informouse de que o grupo municipal de Alternativa dos Veciños, unha vez vetada a intención do Goberno de defender os veciños, presentará un contencioso pola totalidade dos núcleos afectados. Para o coñecemento dos cidadáns de Oleiros nestas páxinas pódense observar os lugares que foron desclasificados, a pesar de estar recollidos como urbanos en anteriores plans e de gozar de todos os servizos que a Lei prevé para tal cualificación.

OS LUGARES AFECTADOS:

▲ POL - 6: Rúa As Capillas, Breixo

▲ BUINTE: POL - 37. Dexo

▲ POL - 30 e solo urbano do Río. Oleiros

▲ PERI - 15R: A Fortaleza. Nós

▲ Solo urbano en Abeleiras. Dorneda

▲ Solo urbano no Tarreo, Dorneda

AENA COMPROMÉTESE A REVISAR A PEGADA SONORA

O pasado mes de xuño o alcalde, acompañado por técnicos municipais, mantivo dúas reunións con responsables de Aviación Civil, unha no Ministerio de Fomento e outra na Dirección Xeral de AENA, empresa responsable de explotación dos aeroportos de España. Ambas xuntanzas discorreron polo camiño do diálogo e os responsables de Aviación Civil comprometéronse a atender nos seus xustos termos as demandas do Concello de Oleiros. Deste xeito, prevese unha importante futura redución da pegada sonora, que na actualidade afecta a 2,5 millóns de metros cadrados. Así mesmo, nesta reunión aceptouse a validez do anterior PXOM respecto á posibilidade de construír nas áreas urbanas anteriores coa única obriga de que os proxectos deben ser comunicados a AENA para realizar un informe previo á concesión da licenza. Con posterioridade a esta reunión, os responsables do citado organismo, remitiron un escrito ao Concello onde se recoñece o compromiso adquirido por ambas administracións.

O GOBERNO LOCAL SOLICITOU QUE A ESCOLA DA BRAÑA FUNCIONASE COMO ESCOLA INFANTIL ESTE CURSO ▼

◆ O Goberno local solicitou ante a Xunta de Galicia a entrada en funcionamento como escola infantil a casa da Braña, en Mera. Esta nova escola daría servizo á zona norte do municipio. Para posibilitar esta entrada en funcionamento, o Concello de Oleiros comprométese a acondicionar este edificio que xa funcionara como centro de preescolar ata a construción da nova escola situada no ámbito do colexio de Canide. A nova escola infantil está pendente da resolución da Consellería de Educación para proceder a súa posta en marcha. En Oleiros existe un importante déficit de prazas para este tipo de centros docentes, posto que as tres escolas deste tipo creadas polo Concello: A Pardela, A Canteira e As Galeras non poden asumir máis alumnado, xa que se encontran ao máximo da súa capacidade.



O CONCELLO MELLORA A ESCOLA INFANTIL A CANTEIRA, EN PERILLO ▼

◆ O Goberno local realizou diversas obras de mellora na escola infantil A Canteira, en Perillo. Os traballos supoñen un investimento de 72.314,86 euros. Nun principio a mellora só prevía a reparación da placa do teito do patio exterior cuberto, pero atendendo á solicitude tanto de pais e nais como dos responsables do centro, redactouse un proxecto complementario para arranxar varias deficiencias que presenta o edificio. Deste modo, retrasouse a reparación do teito do patio exterior

co fin de contratar e realizar todas as obras conxuntamente.

Os traballos que se levan a cabo no edificio principal da escola céntranse en mellorar o sistema de recollida de augas pluviais, a cuberta, así como de mellorar o illamento térmico. Tamén se construíu unha nova rampla de acceso ao soto, que o ano pasado foi acondicionado polo Concello para lavandería.



CATASTRAZO: NON!

◆ En relación aos comentarios políticos e informacións dalgúns medios de comunicación onde se facía referencia a unha posible revisión catastral no concello por parte da Facenda Pública, o Goberno local informa de que non está previsto por parte do Ministerio ningunha revisión do catastro, excepto, en aqueles solos, que co novo Plan xeral cambian de cualificación de rústicos a urbanos, e, polo tanto, deban ser incluídos no catastro coa nova cualificación. As comunicacións que algúns veciños están recibindo por parte da

empresa contratada polo concello, xa que este funciona como órgano delegado da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda grazas a un convenio suscrito por ambos organismos, son notificacións que informan sobre a necesidade de poñer ao día aquelas transformacións e novas edificacións, xa sexan vivendas, edificacións auxiliares ou piscinas. En todos os casos, trátase de regulacións obrigatorias por lei e que por diversos motivos foron omitidas polos titulares das propiedades.



■ Vista urbanización A Pezoca, en Oleiros. As novas urbanizacións, novas altas no catastro.

DOMICILIAR O COBRO DOS IMPOSTOS MUNICIPAIS SUPÓN UN AFORRO DO 4% ESTE ANO ▼

■ **O Concello fixa unha rebaixa do 3% para o 2010 e de un 2% para o 2011**

◆ Domiciliar o cobramento dos impostos municipais supón este ano un aforro de 4 euros por cada 100 euros pagados. O pasado 15 de setembro abriuse a segunda quenda do calendario fiscal, que remata o próximo 20 de novembro. Os impostos que deben abonarse neste período son o IAE (Imposto sobre actividades económicas), IBI-U (Imposto sobre bens inmobles urbanos) e o IBI-R (Impostos sobre bens inmobles rústicos). A domiciliación ban-

caria destes recibos supón un aforro do 4% en cada un deles ao longo deste ano. Así mesmo o Concello fixa unha rebaixa do 3% para o 2010 e dun 2% para o 2011.

A maiores destas bonificacións e ante a actual situación de crise que se vén arrastrando desde o pasado ano, o Concello de Oleiros puxo en marcha diversas medidas que contribúen a reducir o importe destes impostos. Deste xeito, reduciu nun punto o tipo impositivo do Imposto

de bens urbanos (IBIU), sendo o único concello de Galicia que fixo esta redución. Ademais, o Concello establece unha bonificación do 50% no Imposto de actividades económicas para aquelas empresas que contan no seu cadro de persoal con máis dun 10% de traballadores oleirenses con contrato fixo, e un 25% para aquelas empresas que non cheguen a esta porcentaxe. Esta medida está encamiñada ao fomento do emprego dos veciños do municipio.

AS BONIFICACIÓNS: ▼

● IAE (Imposto sobre actividades económicas):

1. Redución dun 4% pola domiciliación bancaria dos recibos
2. Redución dun 50% por contar en plantilla con máis dun 10% de traballadores oleirenses con contrato fixo
3. Redución dun 25% por contar con menos dun 10% de traballadores oleirenses con contrato fixo


● IBIU (Imposto sobre bens inmobles urbanos):

1. Redución dun 4% pola domiciliación bancaria dos recibos
2. Redución dun punto ou tipo impositivo pasando do 0,56 ao 0,55%

● IBI-R (Impostos sobre bens inmobles rústicos):

1. Redución dun 4% pola domiciliación bancaria dos recibos

A ROTONDA DE SANTA CRUZ, UNHA OBRA VITAL ▼



◆ Por terceira vez consecutiva, o Goberno local reitera ante a Xunta a necesidade da ordenación dunha rotonda na zona urbana de Santa Cruz para mellorar o tráfico ao seu paso por esta localidade, así como para axilizar o tránsito de vehículos pola estrada de Meirás. Esta obra foi demandada polo Concello ante os tres últimos gobernos autonómicos presididos por Manuel Fraga, Pérez Touriño e Núñez Feijóo. Actualmente, o centro de Santa Cruz é un dos puntos do municipio que orixina maiores retencións de tráfico en ambos sentidos de circulación. De feito, tanto nas estatísticas de tráfico lento da Dirección Xeral de Tráfico, como nos datos que manexa a Consellería está considerado un punto da rede viaria por resolver.

A principal causa que alegaron os distintos gobernos da Xunta á hora de xustificar os retrasos para tratar esta obra, que conta cun proxecto redactado polo Concello de Oleiros desde hai máis dun lustro, é a presenza dunha gasoleneira que está situada en terreos de titularidade pública e que conta cunha concesión administrativa. A desidia na resolución da eliminación da gasoleneira é a causa principal de que as obras estean sen realizar. O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane reiterou ao delegado territorial, Diego Calvo Pouso, nunha reunión mantida en pasadas datas, a necesidade urxente de executar este proxecto. Actualmente, o Goberno local encóntrase á espera da resolución da Consellería.



SE TES CAN, TES OBRIGAS

▶ é polo ben de todos, respecta as normas

...as bolsas son para usalas!

A CASA DO MAR DE MERA, UN EDIFICIO ABANDOADO POLA XUNTA DE GALICIA ▼

◆ O abandono e o lamentable estado no que se encontran os locais sociais situados na planta alta da Casa do Mar de Mera continúa a ser unha situación sen solucionar polos responsables da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. Estes locais son utilizados de forma tradicional por centos de veciños, na súa maioría xubilados, que teñen o seu lugar de reunión nas instalacións deste edificio. Estas reparacións xa foron solicitadas polo Concello ao anterior Goberno bipartito da Xunta, quen fixo caso omiso das demandas do Goberno local. O alcalde de Oleiros formulou de novo estas demandas ao delegado territorial do actual Goberno da Xunta, pero se estas obras non son tratadas nun prazo de tempo breve, o Concello verase obrigado a solicitar o peche destas instalacións por insalubres e perigosas para as persoas usuarias, especialmente para o colectivo de maiores. O Goberno local espera que, dado o baixo investimento que requiriría a execución destes traballos, a Xunta de Galicia os trate con carácter de urxencia.

Ampliar o consultorio médico

◆ Así mesmo, o Concello solicitou que o actual consultorio médico que desenvolve a súa actividade nunha parte da planta baixa da Casa do Mar de Mera, sexa ampliado e mellorado e que deste modo se equipare ao resto de centros de saúde do municipio, coa finalidade de proporcionar un mellor servizo aos veciños da zona norte do municipio.



■ As instalacións están totalmente en desuso



■ As fiestras, así como outros elementos do edificio encóntranse moi deteriorados

ACHÉGASE OCIOLEIROS E XOVEOLEIROS 2010

◆ As actividades de lecer Ocioleiros e Xoveoleiros para o 2010 están o caer. A partir do próximo mes de xaneiro poderanse formalizar as inscricións. A nova edición contará con algunhas novidades, tanto no tipo de actividades que se poderán realizar como no sorteo final da viaxe. Mentres, o curso 2009 rematou coa

viaxe a Cuba da que gozaron os gañadores do sorteo o pasado mes de setembro. Pola súa parte, os máis pequenos, os participantes en Ocioleiros L, actividade para rapaces de entre 14 e 17 anos, viaxaron a Cataluña, onde visitaron Barcelona e algunhas vilas do seu contorno.



■ Grupo de Xoveoleiros



■ Grupo de Ocioleiros

O TRIÁTLON CONCELLO DE OLEIROS CHEGOU A SÚA XX EDICIÓN ▶

◆ Celebrouse a XX edición do Tríatlón Concello de Oleiros. Esta proba estase a converter nun clásico do calendario galego deste deporte. A praia de Mera e o seu contorno foron o escenario da proba, que reuniu numeroso público nunha xornada protagonizada polo bo tempo. Máis de 120 triatletas percorreron os 750 metros a nado, os 21 quilómetros en bicicleta e os 5 quilómetros a pé que conformaban a distancia total da carreira. A vitoria foi para José Manuel Vieito Vilacoba, do club Bricosa Arcade Inforhouse, que investiu un tempo total de 1:08:54 segundos. Pero ademais dos grandes triatletas, na proba participaron deportistas de todos os niveis, xa que o tríatlón oleirense é un dos poucos de Galicia que permite competir con licenza dun día, o que o converte nunha proba ideal para afeccionados a esta disciplina.



O BREOGÁN OLEIROS DESTACA NO CAMPIONATO GALEGO DE TENIS DE MESA ◀

◆ O Breogán Oleiros conseguiu dous ouros, unha prata e un bronce nos Campionatos Galegos de Tenis de Mesa celebrado o pasado mes de xuño na Coruña e Cambados. O equipo Infantil, formado por Anxo de Pablo e David González, conseguiu unha excelente medalla de prata, mentres que o equipo Cadete Feminino, formado por Andrea Valiño e Olaya Cea, proclamouse campión galego ao vencer na final ao Virxe do Mar, de Noia. Ademais, Olaya Cea proclamouse vencedora do campionato galego individual en categoría cadete. A estas

vitorias hai que sumarlle a medalla de bronce en dobres mixtos conseguida por Anxo de Pablo e Olaya Cea. A tenista oleirense protagonizou unha gran campaña, xa que xunto co campionato galego en categoría cadete individual e por equipos, conseguiu o título na categoría xuvenil e outros podios en distintas competicións.

O TROFEO DE CHAVE, ▶ DEPORTE E TRADICIÓN

◆ O pasado domingo día 13 de setembro mesturouse o deporte e a tradición no trofeo de Chave Concello de Oleiros. A competición celebrouse no campo municipal de Chave de Santa Cruz. Neste campionato organizado polo Concello participaron un total de 7 clubs; o Club de Chave O Peio de Santa Cruz, Club de Chave Oleiros, Club de Chave A Nova Chave de Oleiros, Club de Chave de Perillo e o Club de Chave S.R. de Perillo, e o equipo invitado, o Club de Chave Piñeiro de Feáns. A vitoria foi para O Peio de Santa Cruz.



UN OLEIRENSE, NOVO CAMPIÓN DE ESPAÑA DE VETERANOS NOS 100 E 200 METROS LISOS

◆ O atleta oleirense José Manuel Bao Martínez proclamouse campión de España de velocidade nas disciplinas de 100 e 200 metros lisos na categoría de maiores de 55 anos nos campionatos nacionais celebrados o pasado verán en Vitoria. Ademais, José Manuel Bao, é o plusmarquista galego nestas mesmas disciplinas. O obxectivo deste veterano atleta do noso municipio é facer un bo papel nos próximos mundiais de atletismo para veteranos e intentar conseguir a mellor marca de España. Todo un exemplo de dedicación e amor ao deporte.

COMEZA O PROGRAMA DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS PARA O CURSO 2009-2010

■ Arranca o programa municipal de actividades ocupacionais. Estas actividades, enfocadas para todos os maiores de 18 anos, están clasificadas en tres grupos distintos que abarcan desde obradoiros baseados na expresión artística e artesanal ata os relacionados coas novas tecnoloxías. O único requisito para participar é estar empadroadado no concello. As solicitudes de inscrición deberán presentarse nas oficinas de Servizos Sociais ou ben a través da Carpeta Cidadá da páxina web municipal. A cada inscrición se lle asignará un número de chegada para adxudicar as matrículas. Se a actividade na que che apetece participar xa comezou, non te preocupes, o segundo prazo de matrícula abrirase o próximo 4 de xaneiro para os obradoiros que se desenvolven desde xaneiro a maio do próximo ano.

OS OBRADOIROS: ▼

DE EXPRESIÓN ARTÍSTICA E ARTESANAL

■ Nesta área se desenvolven obradoiros ocupacionais que, á súa vez, estimulen nas persoas as súas funcións e capacidades artísticas, creativas, psicomotrices e de relación:

Encaixe de palillos

● Coñecemento das técnicas do encaixe de palillos e capacitación dos alumnos e das alumnas para realizar pezas de diferentes niveis de dificultade técnica e deseño.

Costura


● Coñecemento das técnicas de corte e confección co obxectivo de capacitar o alumnado para a confección de diferentes pezas de roupa.

Técnicas de manualidades

● Coñecemento e execución de técnicas de manualidades clásicas: pintura en tea, escaiola, madeira, papel maché etc.

Tapiz

● Coñecemento das técnicas de tapiz gobelino e capacitación do alumnado para executar diferentes creacións de tapices.



Pintura

● Fomentar o coñecemento de técnicas de debuxo e pintura estimulando a sensibilidade creativa dos alumnos e das alumnas.

DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL E NOVAS

■ Obradoiros dirixidos fundamentalmente ás persoas maiores e que teñen por obxectivo familiarizar este colectivo coas novas tecnoloxías.

Obradoiro de informática para maiores:

● Pretende proporcionar ao colectivo de maiores a oportunidade de acceder ao uso de ferramentas informáticas.

HORARIOS curso 09 / 010

INFORMÁTICA

Obradoiros de informática para maiores de 60 anos. Duración: 32 horas

		HORARIO	L	M	M	X	V
Iniciación	do 2 ao 26 novembro 2009	16:00 ás 18:00 h	●	●	●	●	
Medio	do 2 ao 26 novembro 2009	18:30 ás 20:30 h	●	●	●	●	
Iniciación	do 18 xaneiro ao 11 febreiro 2010	16:00 ás 18:00 h	●	●	●	●	
Medio	do 18 xaneiro ao 11 febreiro 2010	18:15 ás 20:15 h	●	●	●	●	
Iniciación	do 1 ao 25 marzo 2010	16:00 ás 18:00 h	●	●	●	●	
Medio	do 1 ao 25 marzo 2010	18:15 ás 20:15 h	●	●	●	●	

ENCAIXE

Obradoiros de Encaixe de Palillos. Duración: 1º período 24 horas / 2º período 32 horas

		HORARIO	L	M	M	X	V
Sta. Cruz	do 7 outubro ao 23 decembro 2009 do 20 xaneiro ao 20 maio 2010	19:00 ás 21:00 h			●		
Sta. Cruz	do 1 outubro ao 17 decembro 2009 do 21 xaneiro ao 13 maio 2010	19:00 ás 21:00 h				●	
Oleiros	do 29 de setembro ao 22 decembro 2009 do 19 xaneiro ao 18 maio 2010	9:30 ás 11:30 h		●			
Montrove	do 2 outubro ao 18 decembro 2009 do 22 xaneiro ao 14 maio 2010	16:30 ás 18:30 h					●
Mera	do 7 outubro ao 23 decembro 2009 do 20 xaneiro ao 11 maio 2010	11:00 ás 13:00 h			●		
Perillo	do 28 setembro ao 21 decembro 2009 do 18 xaneiro ao 24 maio 2010	10:00 ás 12:00 h	●				

TAPIZ

Obradoiros de Tapiz Gobelino. Duración: 1º período 48 horas / 2º período 64 horas

		HORARIO	L	M	M	X	V
Perillo	do 29 setembro ao 22 decembro 2009 do 19 xaneiro ao 18 maio 2010	17:00 ás 21:00 h		●			
Perillo	do 7 outubro ao 23 decembro 2009 do 20 xaneiro ao 11 maio 2010	17:00 ás 21:00 h			●		
Sta. Cruz	do 28 de setembro ao 22 decembro 2009 do 18 xaneiro ao 24 maio 2010	10:00 ás 12:00 h	●	●			

A PINTAR

Obradoiros de Debuxo e Pintura. Duración: 1º período 48 horas / 2º período 64 horas

		HORARIO	L	M	M	X	V
Perillo	do 22 setembro ao 22 decembro 2009 do 19 xaneiro ao 18 maio 2010	16:00 ás 18:00 h		●		●	
Perillo	do 22 setembro ao 22 decembro 2009 do 19 xaneiro ao 18 maio 2010	18:00 ás 20:00 h		●		●	
Perillo	do 7 outubro ao 23 decembro 2009 do 20 xaneiro ao 11 maio 2010	10:00 ás 13:00 h			●		
Perillo	do 30 setembro ao 21 decembro 2009 do 18 xaneiro ao 19 maio 2010	17:00 ás 19:00 h	●		●		
Aspadiol	do 29 setembro ao 22 decembro 2009 do 18 xaneiro ao 18 maio 2010	9:30 ás 11:30 h		●		●	

MANUAL

Obradoiros de Técnicas de manualidades. Duración: 1º período 36 h / 2º período 48 horas

		HORARIO	L	M	M	X	V
Mera	do 1 outubro ao 17 decembro 2009 do 21 xaneiro ao 13 maio 2010	10:00 ás 13:00 h				●	
Iñás	do 28 setembro ao 22 decembro 2009 do 19 xaneiro ao 18 maio 2010	16:30 ás 19:30 h		●			

FAI A TÚA ROUPA

Obradoiros de costura. Duración: 1º período 36 h / 2º período 48 horas

		HORARIO	L	M	M	X	V
Perillo	do 1 outubro ao 17 decembro 2009 do 21 xaneiro ao 13 maio 2010	16:00 ás 19:00 h				●	
Perillo	do 28 de setembro ao 21 decembro 2009 do 18 xaneiro ao 24 maio 2010	17:00 ás 21:00 h	●				
Lorbé	do 29 de setembro ao 22 decembro 2009 do 19 xaneiro ao 18 maio 2010	18:00 ás 21:00 h		●			

A AXENDA CULTURAL MES A MES

■ O Concello presenta unha interesante e variada programación de actos culturais para o último trimestre do ano. A oferta está dirixida a público de todas as idades e de todos os gustos. Teatro, jazz, música clásica, danza e humor a un prezo moi interesante e que permite gozar dunha xornada de ocio sen moverse de Oleiros.

OUTUBRO

■ Ao longo deste mes comeza o obradoiro de olería. Os sábados amenízanse con sesións de teatro.


Goza da olería

● Volve o obradoiro de olería. Este tradicional curso do Concello pretende achegar ás persoas interesadas neste tipo de artesanía os seus segredos e as súas técnicas. O obxectivo é aprender a disciplina ao mesmo tempo que o alumnado se identifica con este importante valor cultural

de Oleiros. As clases impártense no alfar do parque das Torres, en Santa Cruz, os luns e martes de 16:30 a 18:30 horas e de 18:30 a 20:30 horas. Poden participar todas aquelas persoas interesadas no mundo da olería maiores de 18 anos.



O teatro, un plan alternativo



● O mes de outubro preséntase cunha interesante oferta teatral. Cada sábado deste mes representarase unha obra no Auditorio Gabriel García Márquez, en Mera. As sesións comezarán ás 20.30 horas, as entradas, que teñen un prezo

moi económico, entre os 3,5 e os 5 euros, poderán mercarse unha hora antes do comezo da función.

■ O DÍA DO PAI

Sábado 3 de outubro ás 20:30 h
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera. (3,5 euros)

A compañía Malasombra representa esta divertida comedia na que tres homes loitan por unha selección natural nunha clínica de reprodución asistida. A duración aproximada é de 85 minutos.



■ CINEMA

Sábado 10 de outubro ás 20:30 h
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera. (3,5 euros)

A compañía teatral Estibón presenta un interesante espectáculo teatral baixo o título *Cinema*. Esta comedia lévanos a un maravilloso mundo paralelo de cine e música, desde Pulp Fiction ata Psicosis, e analiza a necesidade vital de crer que a vida real podería mudar en fantasía.



■ ANXELIÑOS

Sábado 17 de outubro ás 20:30 h
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera. (3,5 euros)

A compañía teatral Espello Cóncavo móstranos en clave de humor nesta interesante peza os avatares dunha sociedade familiar dedicada ao cobramento de morosos, pero inmersa nunha crise económica.



■ O XOGO DE YALTA. AFTERPLAY

Sábado 24 de outubro ás 20:30 horas. Auditorio Gabriel García Márquez, Mera. (3,5 euros)

En *O xogo de Yalta. Afterplay* dous descoñecidos, un home e unha muller de mediana idade, coinciden casualmente nunha fría noite de inverno moscovita no café dunha pensión barata e intercambian experiencias sobre as súas vidas. A obra será representada pola compañía Teatro do Atlántico. A duración aproxímase ás dúas horas.

■ GLASS CITY

Sábado 31 de outubro ás 20:30 h
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera. (5 euros)

O grupo Noroeste representa esta obra ambientada nos anos 50 que nos achega os amores e desamores dunha mocidade que, subjugada, escoita por primeira vez os sons inquietantes dunha nova música: o Rock and Roll. A Sociedade Hípica da Coruña quere que Francisco Franco inaugure as súas instalacións, pero neses anos tamén se prepara na cidade un dos varios atentados que Franco sufriu ao longo do seu Réxime.



NOVEMBRO

■ A danza, a música e o humor de Carlos Blanco serán os protagonistas da programación cultural deste mes.

Danza

■ EL PATITO FEO

Sábado 7 de novembro ás 20:30 horas. Auditorio Gabriel García Márquez, Mera. (5 euros)

A compañía de danza Ballet Carmen Roche presenta o seu espectáculo *El patito feo*. As entradas custan 5 euros e poñeranse á venda a partir das 19.30 h. Esta peza de Víctor Ullate está dirixida principalmente a un público familiar e infantil, xa que trata valores universais como a amizade, o amor, cun enfoque máxico, dando lugar a un proxecto novo e cheo de vitalidade.

A coreografía, a cargo de Tony Fabre, presentará unha fusión de estilos, desde o clásico e neoclásico, pasando polo contemporáneo, hip-hop e breakdance, para o que contará con bailaríns de primeiro nivel en cada un dos estilos, incluíndo a colaboración dos mellores bailaríns participantes no programa televisivo de Fama.



Teatro

■ SÓ

Sábado 14 de novembro ás 20:30 h. Auditorio Gabriel García Márquez, Mera (2,5 euros)

A compañía Abada Teatro presenta o seu espectáculo: *Só*. Tras o éxito acadado por *Humor Negro* en 2008, Carlos Blanco sobe de novo aos escenarios para presentar un novo monólogo: *Só*. En *Só* volve reflexionar sobre a nosa idiosincrasia, sobre o galego e os galegos, sobre o noso día a día, sempre na procura da gargallada do público. *Só* preséntase coma un espectáculo para tempos de crise, un coidado traballo tanto nos textos coma na iluminación e posta en escena.



Música

IULIUS XIII EN CONCERTO

■ **Sábado 21 de novembro ás 21:00 horas. Auditorio da Fábrica, Perillo. (Entrada libre)**

O músico Iulius XIII presenta o concerto de clarinete e piano: Melodías de onte, de hoxe e de sempre. Un percorrido a través das máis famosas películas, musicais e temas románticos do século XX: Moon river, All that jazz, My fair lady, The pink panter. O acceso será gratuito ata completar a capacidade do auditorio.

CONCERTO DE TERELA GRADÍN E MANUEL GUTIÉRREZ

■ **Sábado 28 de novembro ás 21:00 horas. Auditorio da Fábrica, Perillo. (Entrada libre)**

Concerto de Terela Gradín e Manuel Gutiérrez. A formación galega combina composicións propias con versións de clásicos da música pop-rock-jazz na presentación do seu traballo Pascala.



DECEMBRO

■ Chega a programación especial de Nadal e continúan as sesións de música e teatro.

Música

■ CONCERTO DO CORO INFANTIL CANTÁBILE

Sábado 5 de decembro ás 21:00 h Auditorio da Fábrica, Perillo. (Entrada libre).

O coro infantil Cantábile está formado por un grupo de nenos e mozos desde os 9 anos de idade. Cantábile é un coro de voces mixtas cun repertorio de música polifónica variada que abrangue desde a música barroca, de Vivaldi ou Haendel, ata a música actual, pasando pola música popular galega.



■ CONCERTO DA BANDA JAZZ VIDES QUARTET.

Sábado 12 de decembro ás 21:00 h Auditorio C.C. A Fábrica, Perillo. (Entrada libre).

A Formación Jazz Vides Quartet creouse na adega As Vides da Coruña e está liderada polo trompetista arxentino Guillermo Lancelotti. Durante a súa actuación ofrecerán un espectáculo entretido e de altísima calidade musical.



■ CONCERTO DE NADAL DAS CORAIS

Sábado 26 de decembro ás 20.30 h. Auditorio da Fábrica, Perillo. (Entrada libre).

Como todos os anos polo Nadal, o Departamento de Cultura organiza unha xuntanza para que participen todas as masas corais do municipio, co fin de intercambiar impresións e felicitar nos o Ano Novo. Esta actividade fomenta a relación entre as diferentes corais existentes. Nesta xuntanza participan o Coro de Oleiros, a Coral Polifónica de Mera, a Coral Polifónica Lembranza de Lorbé, a Coral Polifónica Airiños de Nós e a Coral Polifónica Lembranzas de Santa Cruz.



Teatro

TEATRO DE MONICREQUES

■ GALITON

Sábado 19 de decembro ás 18 horas no Auditorio Gabriel García Márquez en Mera. (3,5 euros)

Neste divertido espectáculo de monicreques dedicado á tranquilidade do fondo do mar verase interrompida por un pequeno peixe e pola súa peculiar forma de falar, diferente á do resto de peixes.

TEATRO INFANTIL

■ BICHARADA

Domingo 20 de decembro as 18:00 h. No Auditorio Gabriel García Márquez en Mera. (3,5 euros)

Esta obra de teatro infantil entretén os cativos interpretando a historia dunha formiga e unha araña que viven tranquilas no seu recuncho ata que un día aparece un animal misterioso...

Ademais...

Exposicións na Casa Charry e na entrada da fábrica ao longo de todo o trimestre

Tanto na Casa Charry como na entrada da Fábrica poderase gozar de interesantes exposicións de pintura, debuxo, escultura e fotografía. Estes espazos municipais utilízanse como sala de exposicións. O espazo da Fábrica está reservado para artistas mozos mentres que na Casa Charry teñen cabida tanto artistas emerxentes como creadores consolidados.

REVELA CONVÉRTESE NUN REFERENTE ▶

■ *Revela continúa a converterse nun referente. O Foro Internacional sobre fotoxornalismo reuniu este verán en Oleiros a destacados profesionais do sector como Hernán Zin e Carolyn Drake. Ademais, a exposición de fotografía, que nesta edición estivo formada por máis de 140 fotos, mostrou nos parques José Martí de Santa Cristina e Luís Seoane de Santa Cruz a opresión da muller ao redor do mundo. A mostra tivo moi boa acollida, motivo polo que o Concello ampliou o calendario inicial dúas semanas. O Foro Internacional Revela 09 contou coa colaboración da Fundación Caixa Galicia e a Deputación da Coruña. Así mesmo prestaron o seu apoio Viajes El Corte Inglés e Haley.*

OS GAÑADORES

O xurado de Revela elixiu o proxecto «*Jóvenes prisioneros*», do fotógrafo Fernando Moleres, como gañador da bolsa de 12.000 euros que o Concello de Oleiros concede para promover a realización de novas fotorreportaxes que sirvan para denunciar calquera situación de inxustiza no mundo. O fotorreporteiro realizará un traballo sobre a infancia, temática elixida para a próxima edición de Revela. Por outra parte, o Certame de Fotografía Revela na Escola elixiu como gañador o proxecto *As nove primeiras* de María González Otero e Elena Forján Somoza, alumnas do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Este certame ten como obxectivo implicar o alumnado de secundaria dos centros de ensino de Galicia, para que os mozos amosen a súa visión crítica da realidade a través da fotorreportaxe.

A PRÓXIMA EDICIÓN CENTRARASE NA VIOLACIÓN DOS DEREITOS DOS NENOS



■ A xornalista oleirense Cristina Saavedra, presentadora de informativos de La Sexta e responsable de proxectos humanitarios para Global Humanitaria en Costa de Marfil, guiou o acto inaugural

AS ACTIVIDADES



● CONFERENCIA HERNÁN ZIN

O escritor, periodista e fotógrafo arxentino Hernán Zin protagonizou un dos principais actos desta edición de Revela. Impartiu unha conferencia onde os asistentes puideron ver o último traballo de Zin: un documental, aínda inédito, titulado *La guerra contra las mujeres*, no que o reporteiro analiza o uso da violencia contra a muller como arma de guerra. Para iso, Zin servíuse dos testemuños de mulleres recollidos en diversas zonas en conflito da África subsahariana.



● **OBRADOIRO DE CAROLYN DRAKE** A fotógrafa norteamericana mostrou o seu traballo nos orfanatos para nenas e mozas en Ucraína. Ademais presentou parte do seu último traballo sobre a destrución de acuíferos nas exrepúblicas soviéticas de Asia Central.

O CASTELO DE SANTA CRUZ OFRECE UN GRAN FONDO DOCUMENTAL ▶

■ *O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga pon á disposición das persoas usuarias un amplo abano de servizos de fácil acceso*

◆ Desde o ano 2001 o Castelo de Santa Cruz acolle, por iniciativa do Concello de Oleiros, o CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia). Entre as áreas de traballo do CEIDA atópase a de facilitar información e permitir a consulta especializada referente a temas ambientais. Para isto, conta co Centro de Documentación Domingo Quiroga que, desde os seus inicios intentou recompilar e organizar toda a produción científica e divulgativa publicada sobre o ambiente co fin de achegala a toda a sociedade. Os recursos que xestiona este centro distribúense principalmente nas áreas de educación ambiental, conservación e sustentabilidade. As persoas interesadas en recibir máis información poden poñerse en contacto co centro a través do correo electrónico ou no teléfono 981 630 618.



Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Medra	26 outubro / 24 novembro / 24 decembro
Chea	4 outubro / 2 novembro / 2 e 31 decembro
Mingua	11 outubro / 9 novembro / 9 decembro
Nova	18 outubro / 16 novembro / 16 decembro

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no
981 243 333

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 240 202

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



Xa somos 33.963 veciños/as censados/as!

Ata o 1 de outubro, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.394
DORNEDA (San Martiño)	3.451
IÑÁS (San Xurxo)	1.227
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.856
MAIANCA (San Cosme)	1.157
NÓS (San Pedro)	4.517
OLEIROS (Santa María)	2.944
PERILLO (Santa Leocadia)	7.849
SERANTES (San Xulián)	1.568
TOTAL	33.963

Farmacias de garda

	Datas
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027	Do 6 ao 12 de novembro Do 25 ao 31 de decembro
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937	Do 13 ao 19 de novembro
■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024	Do 20 ao 26 de novembro
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 663 890	Do 9 ao 15 de outubro Do 27 de novembro ao 3 de decembro
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503	Do 16 ao 22 de outubro Do 4 ao 10 de decembro
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440	Do 23 ao 29 de outubro Do 11 ao 17 de decembro
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184	Do 30 de outubro ao 5 de novembro Do 18 ao 24 de decembro

OS NOVOS VIARIOS

CAPÍTULO III: ● A Vía Ártabra

◆ As obras da vía Ártabra avanzan ao seu paso por Oleiros. O trazado desta nova estrada que revolucionará as comunicacións do noso municipio xa está totalmente debuxado sobre o terreo. A calzada terá unha lonxitude total de 5,4 quilómetros, aos que hai que sumar os case dous da variante de Oleiros. O tronco principal, composto polos primeiros 2,6 quilómetros desde a N-VI, terá características de autovía. A calzada estará composta por dous carrís en cada sentido separados por unha mediana. O ancho de cada carril será de 3,5 metros de ancho. O resto do tramo, que conduce ata Lorbé, contará cunha vía de alta capacidade convencional. O trazado completo desta vía podería entrar en funcionamento no 2011, segundo prevé o prazo de execución do proxecto.

Esta nova infraestrutura vertebrará as comunicacións de Oleiros co resto da comarca desde o porto de Lorbé ata a autovía do Noroeste. A vía Ártabra mellorará sensiblemente a rede viaria de todo o municipio, reforzando as actuais estradas secundarias e locais. Ademais, redistribuirá o tráfico e incrementará a mobilidade dos veciños. Esta estrada mellorará de forma indirecta as comunicacións en toda a área metropolitana da Coruña.

Unha vez que se rematen os traballos e antes de que a vía Ártabra entre en funcionamento será necesario mellorar outras estradas oleirenses. Este é o caso do tramo que une Veigue con Mera, que depende da Deputación da Coruña, e que deberá ser adecuado ao novo volume de tráfico. Outra vía importante a mellorar será a que comunica Meirás con Arillo e que dará acceso á vía Ártabra desde esta localidade. O trazado da vía Ártabra completárase co tramo que discorre polo municipio de Cambre e que comunica Oleiros coa A-6 e a AP-9. A execución desta obra será fundamental para que o municipio mellore de forma real as súas comunicacións co resto da comarca e coas principais vías que comunican co resto de Galicia.

